



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Agosto 2021


Santiago de Compostela, 06 de outubro de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Agosto 2021

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en agosto de 2021 un ascenso do 4,9% con respecto a agosto de 2020, e a nivel nacional rexistrouse un incremento do 3,6%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 30,4% e os bens de equipo e intermedios decreceron un 22,5% e 0,5% respectivamente. Pola súa parte a enerxía avanzou un 6,7%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden a “confección de roupa de vestir” que suma 4,0 puntos, a “industria da alimentación” que engade 2,6 puntos, a “industria da madeira e da cortiza” que engade 1,5 puntos e a “fabricación de bebidas”, que agregan 1,4 puntos á taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas destacan as seguintes ramas: a “fabricación de vehículos de motor” que resta 3,7 puntos, a “fabricación doutro material de transporte”, que minora 0,9 puntos e a “reparación e instalación de maquinaria”, que detrae 0,8 puntos á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Agosto 2021



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de agosto de 2021 rexistrou en Galicia un ascenso do 4,9% en taxa interanual, mellorando en 1,6 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (3,3%). En España, rexistrouse un incremento do 3,6%, taxa 3,1 puntos superior á acadada no mes anterior (0,4%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 30,4%, o que engade 8,9 puntos.
- Os **bens de equipo** retroceden un 22,5%, o que minora 5,1 puntos.
- Os **bens intermedios** baixan un 0,5%, cunha repercusión negativa de 0,2 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que aumenta un 6,7% sumando 1,2 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de xullo de 2021, por destino económico, os bens de consumo melloran 20,2 puntos, os bens de equipo empeoran 0,4 puntos, os bens intermedios empeoran 13,1 puntos e a enerxía empeora 11,0 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas que presentan maiores achegas positivas á taxa interanual foron: a “confección de roupa de vestir” que suma 4,0 puntos, a “industria da alimentación” que engade 2,6 puntos, a “industria da madeira e da cortiza” que engade 1,5 puntos e a “fabricación de bebidas”, que agregan 1,4 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas destacan as seguintes ramas: a “fabricación de vehículos de motor” que resta 3,7 puntos, a “fabricación doutro material de transporte”, que minora 0,9 puntos e a “reparación e instalación de maquinaria”, que detrae 0,8 puntos á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de agosto moveuse entre o -6,8% de Andalucía e o 17,4% de Asturias.


Ademais da devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Illes Balears (13,6%), País Vasco (12,3%), Cataluña (7,9%), Castilla y León (7,7%), Cantabria (7,3%), La Rioja (6,2%), Extremadura (5,7%), Galicia (4,9%) e Canarias (3,7%).

IPI Agosto 2021 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Agosto 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	89,8	4,9	14,4	--	--
Bens de consumo	143,1	30,4	26,7	8,9	6,7
Bens de equipo	58,2	-22,5	8,6	-5,1	2,1
Bens intermedios	101,6	-0,5	12,4	-0,2	3,6
Enerxía	63,0	6,7	9,0	1,2	2,0
España					
Xeral	83,8	3,6	10,2	--	--
Bens de consumo	88,2	6,1	7,7	1,6	2,0
Bens de equipo	64,6	4,2	13,6	0,7	2,9
Bens intermedios	84,0	7,2	15,2	2,1	4,7
Enerxía	97,8	-3,2	2,7	-0,9	0,6

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Agosto 2021

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	4,9		14,4		
Confección de roupa de vestir	77,4	4,0	64,6	2,5	4,1
Industria da alimentación	15,2	2,6	11,0	1,8	13,2
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	37,4	1,5	39,0	1,6	3,6
Fabricación de bebidas	28,4	1,4	39,0	1,3	3,5
Fabricación de mobles	71,6	0,9	70,7	0,8	1,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	5,9	0,7	9,5	1,7	22,3
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	11,2	0,5	8,8	0,5	5,1
Industria do papel	9,4	0,2	6,9	0,2	2,2
Industria téxtil	39,0	0,1	17,0	0,1	0,6
Outras industrias manufactureiras	21,3	0,1	62,2	0,3	0,5
Industria química	-3,3	-0,1	-9,0	-0,2	1,5
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-3,9	-0,1	6,9	0,2	2,0
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-10,3	-0,3	19,3	0,5	2,5
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-3,4	-0,3	5,4	0,5	7,7
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-9,6	-0,4	23,8	0,7	2,6
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-23,3	-0,4	-6,6	-0,1	1,4
Outras industrias extractivas	-31,7	-0,5	46,2	0,6	1,1
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-21,2	-0,8	-11,9	-0,4	4,1
Fabricación doutro material de transporte	-52,2	-0,9	-16,2	-0,2	2,0
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-35,7	-3,7	14,2	1,7	13,1
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Agosto 2021

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	83,8	3,6	10,2
Galicia	89,8	4,9	14,4
Andalucía	82,8	-6,8	4,5
Aragón	77,7	-5,6	8,8
Asturias	88,0	17,4	16,8
Baleares (Illes)	89,5	13,6	8,0
Canarias	87,7	3,7	1,7
Cantabria	96,9	7,3	16,4
Castilla - La Mancha	91,2	1,3	6,1
Castilla y León	72,9	7,7	11,8
Cataluña	79,9	7,9	12,4
Comunitat Valenciana	86,7	1,8	11,0
Extremadura	131,7	5,7	13,4
Madrid	87,1	2,7	7,1
Murcia	112,5	-1,1	1,5
Navarra	90,1	-4,0	14,1
País Vasco	70,5	12,3	12,5
Rioja (La)	61,1	6,2	10,4

Fonte: INE